

Preacordo sobre o Plan Integral para a mellora da prevención, o benestar laboral e a reincorporación saudable ó traballo 2026–2030 Galicia

UGT Galicia consegue na mesa de diálogo social un enfoque radicalmente oposto á posición inicial da Xunta e da patronal. **O sindicato partía da premisa fundamental de que a enfermidade e o exercicio lexítimo dos dereitos nunca son o problema**, e que **preservar dereitos e impulsar medidas para mellorar a atención sanitaria, a coordinación e a prevención co fin de favorecer o benestar laboral mediante a negociación**, constitúe unha función sindical e unha responsabilidade ineludible para

- Protexer a saúde.
- Mellorar o benestar laboral.
- Reforzar o sistema sanitario.
- Reducir as ausencias evitables como consecuencia natural dunha mellor atención.

En que consiste o Plan

O documento define unha estratexia integral para **mellorar a prevención de riscos laborais, o benestar laboral e a xestión da incapacidade temporal (IT)** en Galicia.

O seu enfoque central consiste en pasar do control ao coidado, priorizando a saúde das persoas traballadoras e evitando enfoques punitivos ou centrados no absentismo.

«O obxectivo deste Plan non é nin pode ser restrinxir dereitos valiosos e socialmente moi apreciados».

No seu lugar, busca **reducir as ausencias evitables**, entendidas como aquelas que se prolongan debido a factores corrixibles (demoras diagnósticas, falta de coordinación, trabas administrativas ou condicións de traballo deficientes).

Cales son os problemas estruturais de partida

1. Elevada incidencia e duración das IT por continxencias comúns

- Galicia presenta **máis xornadas perdidas, maior duración media e máis baixas de longa duración** ca media estatal e europea.
- En 2025, a duración media das IT-CC foi de **78,85 días**, case o dobre da media estatal.

2. Patoloxías predominantes

- Trastornos musculoesqueléticos (TME).
- Saúde mental, especialmente na mocidade.
- Procesos oncolóxicos.

3. Factores que agravan o problema

- Envellecemento da poboación traballadora.
- Estrutura empresarial dominada por microempresas e pemes.
- Demoras asistenciais e falta de coordinación entre organismos.
- Déficits na xestión das propostas de alta das mutuas.
- Custo económico elevado: 1.950 millóns de euros anuais en Galicia.

Principios básicos do Plan

- **Benestar laboral como prioridade pública.**
- **Respecto dos dereitos e rexeitamento de enfoques punitivos.**
- **Prevención e mellora da xestión da IT-CC.**
- **Coordinación institucional entre Estado, comunidades autónomas, mutuas e empresas.**
- **Estratexia propia de Galicia, aliñada co marco estatal.**

Estrutura do Plan: 3 eixes + 37 medidas

Eixe 1. Prevención e benestar laboral

- Reforzar o ISSGA.
- Impulsar a negociación colectiva en materia de benestar laboral.
- Programas de prevención avanzada (TME e riscos psicosociais).
- Axudas ergonómicas para pemes.
- Programas de saúde (pausas activas, sono, menopausa e saúde mental).
- Servizos de apoio psicolóxico e musculoesquelético para pemes.
- Formación de mandos intermedios.
- Protocolos de reincorporación e axudas para facilitala.
- Xanela única e rede de axentes colaboradores. [

Eixe 2. Atención sanitaria e xestión da IT-CC

- Unidades especializadas en TME e saúde mental.
- Circuitos de recuperación funcional.
- Reforzo da atención primaria e da saúde mental.
- Simplificación de trámites e redución da carga administrativa.
- Convenios coas mutuas para adiantar probas diagnósticas.
- Historia laboral integrada na historia clínica.
- Cadros de mando asistenciais.
- Comparación entre áreas sanitarias para detectar boas prácticas.

Eixe 3. Corresponsabilidade e uso responsable do sistema

- Carta de dereitos e deberes durante a IT.
- Dispositivo conxunto para actuar ante abusos, moi minoritarios.
- Campañas pedagóxicas sobre o valor do sistema de protección.
- Garantías estritas para evitar a estigmatización das persoas de baixa.

Instrumentos

- **Mesa galega permanente de coordinación operativa.**
- **Comisión tripartita de seguimento.**
- **Observatorio galego de benestar laboral e IT-CC.**

Financiamento

- Dotación mínima de **18 millóns de euros** para o período 2027–2029, destinada á prevención e ao benestar laboral.
- As medidas sanitarias financiaranse dentro dos plans do SERGAS.

Calendario

- **2026:** inicio e constitución dos órganos.
- **2027–2029:** despregamento e consolidación.
- **2030:** avaliación final e nova planificación.

Anexo I: Peticións ao Estado

- Xestión dos procesos de máis de 365 días.
- Sistema estatal de información interoperable.
- Reforzo da Medicina do Traballo e da Psicoloxía Clínica.
- Comisión estatal de cooperación.
- Transparencia e avaliación obrigatoria.

Poderá ser un ACORDO

UGT aposta por construír un modelo moderno de benestar laboral que permita que **as persoas traballadoras enfermen menos, se recuperen antes e se reincorporen mellor.**

Sobre a base deste Preacordo, que supón un avance substancial ao cambiar o enfoque cara á prevención, á atención e ao benestar laboral, será **un Acordo cando se concretan as asignacións orzamentarias de 2027, polo tanto, a negociación continúa aberta.**

